



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

| | | | | | |
|------------------------|--|--------------|--|---------------|----------------|
| Lugar da proba: | | Data: | | Nivel: | CELGA 4 |
|------------------------|--|--------------|--|---------------|----------------|


DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

| | | | | | |
|----------------------------------|---|--|-----------------------|-------------------------------|---------------------------------|
| Apelidos e nome: | | | | | |
| DNI / NIE / Pasaporte: | | | Nacionalidade: | | |
| Data de nacemento: | ___ / ___ / _____ | | Sexo: | Home <input type="checkbox"/> | Muller <input type="checkbox"/> |
| Lugar de nacemento: | <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía | | | | |
| Lugar de residencia: | <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea | | | | |
| Tipo de estudos cursados: | <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos | | | | |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



Celga



4





Proba A1

Vostede asiste a un curso de lingua e cultura galegas e ten que elaborar un traballo sobre a evolución do comercio en Galicia. Logo de ver unha reportaxe sobre a ruta do peixe no medievo, decide redactar o seu **traballo académico** baseándose nela. No seu texto, en **400 palabras**, ten que:


- Introducir o tema do seu traballo e xustificar a súa escolla.
- Comentar cal era a importancia do consumo de peixe no medievo e relacionalo co desenvolvemento das vilas costeiras galegas.
- Explicar como era a actividade pesqueira mercantil a partir da historia de Álvaro Cru.
- Facer unha comparación entre o comercio na actualidade e o descrito na reportaxe.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers to the exam questions.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Vostede colabora nunha revista e para o próximo número, que terá por tema "A música", vai redactar un **artigo de opinión** sobre o grupo Berrogüetto. Para isto basearase nos dous textos que ten a continuación. No seu artigo, en **400 palabras**, ten que:

- Presentar o grupo, explicar brevemente a orixe do nome e indicar cales son as súas características máis salientables.
- Xustificar a escolla deste grupo para a reportaxe.
- Valorar a importancia de defender a música tradicional.
- Explicar de que forma se pode apoiar os grupos musicais e argumentar a favor ou en contra das descargas ilegais de música.

BERROGÜETTO

Guillermo, Isaac, Quico, Quim, Santiago, Xabier

Berrogüetto é un dos grupos de música folk máis prestixiosos de Galicia. No seu repertorio conxugan con destreza a música tradicional e a modernidade.


"Berrogüetto, corpo aberto en sete latexares, trasládanos esa infinita sinfonía, unha voz que xorde de tan dentro que mesmo doe porque é a nosa propia voz feita música. Eles fannos soñar que outra música, outra orde cósmica é posible" Rosa Aneiros, escritora e gañadora do Premio Xerais 2009 pola novela *Sol de inverno*.

A viaxe épica de Berrogüetto comeza na primavera de 1995 en Galicia, cando seis músicos de procedencias dispares se xuntaron coa intención de levar a música celta tradicional do seu país un paso máis aló, cara ao futuro, e experimentar novas sonoridades.

Por que Berrogüetto?

A primeira tarefa, a denominación do grupo, resolvérona cun neoloxismo. BERROGÜETTO é a suma de tres conceptos semánticos. BERRO + GUETTO + SOWETTO e arredor destas tres ideas elabórase o seu pensamento, o seu discurso e os seus propósitos. **Berro** parte da convicción de que só coa denuncia podemos camiñar cara a un mundo mellor. Trátase de lles dar voz aos sen voz, un berro en positivo. **Gueto** (do italiano *ghetto*) "Minoría de persoas marxinalizadas da sociedade por motivos relixiosos, políticos etc. Barrio ou suburbio no que viven. Situación de marxinalización na que se encontran". **Sowetto** é un barrio do sur de Iohannesburgo e foi a máxima expresión da oposición ao apartheid. A partir das primeiras revoltas, Sowetto converteuse en foco de atención internacional e puxo de manifesto a situación de racismo e inxustiza que vivía África do Sur. Significou o punto de partida cara á democracia, á liberdade e ao respecto.

O grupo evoca entón "o grito dos oprimidos". Trasladado á música, os seus compoñentes consideran que o folk sempre estivo oprimido e limitado nun espazo demasiado achicado, onde non pode desenvolver libremente as súas enormes posibilidades. Ao escolleren este nome revelaban a súa intención de abrir novos horizontes para a música de raíz. Nacía así unha banda innovadora, con ideas diferentes e formulacións orixinais.



Que ofrece Berrogüetto?

Nun prazo moi breve, sen abandonar a súa sensibilidade inicial, Berrogüetto converteuse nunha das formacións de *world music* (“música do mundo”) máis importantes do mundo. Unha das marcas galegas que funcionan no mercado musical internacional pola súa mestura de paixón pola tradición musical e pola experimentación na contemporaneidade. As dúas caras dunha mesma figura nun mercado global onde a pluralidade cultural corre perigo.

Contra esa tendencia, Berrogüetto segue ofrecendo música galega cun raio de acción que transcende as fronteiras de Galicia. Máis alá da música, cren na diversidade cultural como fonte de riqueza. Hoxe, a súa música, co mesmo selo de sempre –multiplicidade e homoxeneidade, unha das cousas máis difíciles de conseguir nunha banda–, ten cabida en calquera escenario do mundo.

A súa inqueda pola música e as súas ganas de innovar leváronos a investigar con sons e instrumentos diferentes. Grazas a esta determinación, sempre conseguiron os favores da crítica e recibiron numerosos galardóns e recoñecementos por todo o mundo: Premio da Asociación da Crítica Alemá do Disco ao Mellor Disco de World Music en varias ocasións, Premio Opinión ao Mellor Disco de Folk, finalistas dos Premios da Música da Academia das Artes Escénicas e Musicais como Mellor Álbum en Galego e finalistas dos Grammy Latinos ao Mellor Disco Folk, entre outros.

Que prioriza Berrogüetto?

O seu directo transcende máis alá do son, supón unha experiencia na que se une a música, a danza e a imaxe. Precisamente despois dun dos seus concertos, Manuel Rivas envioulle o poema "Alalá" (*A desaparición da neve*, 2009) en agradecemento por aquela actuación. Desta mostra de afecto naceu a colaboración e agora o poema aparece musicado como "Alalá da noite", no último álbum do grupo, *Kosmogonías* (2010).

En sucesivas xiras, Berrogüetto percorreu países como Galicia, España, Portugal, Alemaña, Francia ou O Reino Unido e os seus integrantes foron recibidos cos brazos abertos en todos os escenarios onde se presentaron.

Desde o comezo, a banda coída a estética conferida aos seu traballos, non só como mero apoio gráfico, senón como unha mostra do seu interese pola arte, a fotografía e o deseño. Co seu último traballo, *Kosmogonías* (2010), o barco Berrogüetto continúa navegando océanos musicais por descubrir e explorando novas combinacións de artes e comunicación. Nesta ocasión, elaboraron unha videocreación coa artista galega Olaia Sendón, na que mostran as súas inquietudes máis profundas e a súa visión do universo.

Texto adaptado de www.berroguetto.com

A VERDADE SOBRE AS DESCARGAS ILEGAIS

O diario británico *The Times* explica os motivos de por que as descargas ilegais favorecen a promoción dos artistas a través dun estudo realizado para a Asociación Inglesa de Artistas.

Estamos acostumbrados a escoitar que as descargas ilegais están a rematar coa industria discográfica e cos artistas, pero a verdade parece outra moi diferente. Os datos recollidos durante os anos 2004 e 2008 amósannos que os ingresos obtidos polos artistas a través da música en directo poderían superar o total da facturación das discográficas en venda de discos. Este feito pode deberse ás descargas de internet que fomentan os artistas.

A industria discográfica ten que renovarse, pois cada vez son máis os artistas que xa non dependen dun gran selo e eles mesmos comparten a súa música a través de licenzas Copyleft de distribución de balde.


Un claro exemplo de revolución son os *netlabels*, especie de discográficas que distribúen música en formato dixital a través de internet e de balde. Nós temos un exemplo no noso país co portal *A Regueifa*, que ofrece descargas gratuítas de artistas a través da súa páxina web (www.aregueifa.net).

A pesar destes datos, moitos artistas non queren que a xente baixe os seus discos de internet de forma ilegal e asociacións como a SXAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores) reclámanlle ao Estado maior protección en contra das descargas ilegais de música en internet. Incluso un anuncio do Ministerio de Cultura co lema "Se es legal, es legal" compara desfeitas urbanas e intento de atopelos nas rúas coas baixadas de música ilegais en internet, e engade tamén que con elas se está axudando a rematar cos artistas.

Texto adaptado de www.galizaelectronica.com

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A1 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A2 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: